



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O  
DÍA 25 DE MAIO DO 2017.**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ  
(PSOE)

**Concelleiros/as :**

D. RICARDO GONZALEZ AMARO  
(PSOE)  
D<sup>a</sup>. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)  
D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN  
(PSOE)  
D<sup>a</sup>. NOELIA RODRIGUEZ  
TRAVIESO (PSOE)  
D. CESAR MANUEL FERNANDEZ  
GIL (PP)  
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ  
(PP)  
D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)  
D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)  
D<sup>a</sup> MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ  
(PP)  
D. XACOBE GARCIA SOTO (B.N.G.)  
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ  
(AGRUPACION DE ELECTORES  
RIBEIRO EN COMUN)  
D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ  
(CxG-CCTT)

**Secretario:**

Francisco Fernández Castro

**Interventor:**

Vicente Soto Rodríguez

No salón de sesións do Concello de Ribadavia sendo ás vinte horas. e cinco minutos do día vinte e cinco de maio de 2017 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Francisco Fernández Castro, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Don Vicente Soto Rodríguez.

\*\*\*\*\*



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

De seguido comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

### **1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 30 DE MARZO PASADO (ORDINARIA).**

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 27 de abril de 2016 (ordinaria) a acta resulta aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DE: A) DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 07 de abril ; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de abril; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de abril; unha, sobre aboamentos.

Do 24 de abril; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de abril; tres; unha sobre bonificación IVTM; dúas, sobre aboamentos.

Do 26 de abril; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de abril; catro; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de abril; dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de maio; tres; unha sobre fraccionamento débeda tributaria; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 03 de maio; sete; unha, sobre fraccionamento débeda tributaria; unha, sobre exención IVTM; unha, sobre baixa en taxa recollida lixo; unha, sobre baixa de impostos e taxas por prescripción; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos..



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Do 04 de maio; once; catro, sobre devolución plusvalía; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre baixa recibo IBI; unha, sobre baixa taxa alcantarillado; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos.

Do 05 de maio; dezaseis; unha, sobre bonificación IVTM; cinco, sobre liquidación ingreso directo taxa servizo ext. incendios e outros; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; dúas, sobre expedición tarxetas accesibilidade; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local; dúas, sobre nomeamento tribunal selección persoal Aux. Técnico Turismo e Profesor Conservatorio; dúas, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 08 de maio; cinco; unha, sobre fraccionamento débeda tributaria; dúas, sobre baixas impostos e taxas por prescripción; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de maio cinco; unha, sobre recollida animais abandonados; unha, sobre desestimación recurso reposición; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 10 de maio; catorce; unha, sobre bonificación IVTM; catro, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre fraccionamento débeda tributaria; catro; sobre liquidación ingreso directo taxa servizo ext. incendios e outros; unha, sobre valoración méritos profesor Conservatorio; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de maio; cinco; unha, sobre liquidación ingreso directo taxa servizo ext. Incendios e outros; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de maio; tres; unha, sobre rectificación recibos taxa alcantarillado; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de maio; sete; tres, sobre baixa taxa alcantarillado; dúas, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre tribunal para valoración méritos persoal.

Do 16 de maio; seis; unha, sobre baixa servizo recollida lixo; unha, sobre recurso reposición; unha, sobre prescripción débeda; unha, sobre reposición legalidade urbanística; dúas, sobre aboamentos.

Do 18 de maio, sete; dúas, sobre baixa alcantarillado; tres, sobre baixa recibos; unha, sobre substitución profesora Conservatorio; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de maio, catro; unha, sobre baixa na taxa de recollida lixo; dúas, sobre permiso por enfermidade de familiar; unha, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Do 22 de maio; tres; unha, sobre baixa no servizo recollida lixo; unha, sobre altas no Padron habiantes; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local.

Do 23 de maio; catro; unha, sobre bonificación IVTM; dúas, sobre baixa de recibos; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade.

### **3.-PROPOSTA DE COMPROMISO POR GALICIA PARA SOLICITAR O PARLAMENTO DE GALICIA E DO ESTADO QUE A LIÑA DE AVE OURENSE VIGO PASE POLO NORTE DE RIBADAVIA.**

O secretario da lectura ao ditame da Comisión Especial de contas e informativa de facenda,comercio , parque empresarial , promoción de emprego , obras públicas e infraestruturas de data 18 de maio de 2017 do seguinte teor literal:

Exposición de motivos

PRIMEIRO.- Tendo coñecemento que un grupo de empresarios e enxeñeiros galegos, fixeron unha proposta sobre a liña de alta velocidade Ourense-Vigo para que pase polo norte de Ribadavia e Porriño, porque técnicamente consideran que sería un aforro importante na obra ,xa que serían trinta e cinco kms menos de liña como alternativa a de Cerdedo que é o proxecto inicial de Fomento e ademais habria un aforro de catrocentos millóns de euros ,quinze minutos menos no traxecto do viaxe, que pasaría de corenta e dous a vinte e sete minutos , a a súa vez un aforro do trinta por cen no custe do billete.

En virtude do exposto , proponse ao Pleno do concello a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Instar ao goberno municipal a que tome en conta esta suxerencia e a maiores traslade a outras administracións ( concellos das comarcas Ribeiro – Carballiño, Xunta e Estado) entendendo que se se levase a cabo dito proxecto, sería moi importante para a nosa comarca o traballo que se xerará durante o tempo que dure a obra, tanto no municipio como na bisbarra.

SEGUNDO.- Solicitar unha estación a altura do municipio por onde discurra a liña, para que a nosa comarca xunto coa de Carballiño non quede illada da alta velocidade. A modo de exemplo sirva que se vai a facer una estación en Otero de Sanabria ( Zamora) onde habitan 26 veciños , por que non vamos a ser nos ambiciosos e visionarios pensando no futuro e pensando no futuro dos nosos [veciñ@s](mailto:veciñ@s) e poder ter unha estación que atenda as necesidades de estas dúas comarcas senlleiras onde habitan corenta e sete mil persoas.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Sometido a votación o ditame da Comisión se emiten sete votos a prol (PSOE, CXG-CCTT e RBC), cinco votos en contra (PP) e abstención do BNG, resultando aprobada por maioría absoluta.

D Manuel Vázquez (CxG, CC-TT).- Expresar a nosa solidariedade co pobo inglés polo atentado de Manchester. Hai un proxecto dun grupo de empresarios e enxeñeiros, colectivo Albatros, liderados por Miguel Pavón e con proxecto de José Carlos Fernández. A moción pode parecer, en principio, un pouco utópica eu non o vexo así. Xeneraría riqueza e postos de traballo. Nos afectaría satisfactoriamente no aspecto laboral.

D Brais Fidalgo Martínez (Ribeiro en Común).- O noso grupo está a favor. O trazado non pasaría por Ribadavia, si por Leiro, Carballiño e Melón. É positivo, esa obra pública repercutiría positivamente no concello e na comarca. Non é plausible a estación, é un tramo curto e de alta velocidade, pero non nos opoñemos.

D Xacobe González Soto (BNG).- O noso grupo non traería esta moción, Galicia ten moitos problemas ferroviarios. A alta velocidade en Galicia se limita ao corredor atlántico e a Ourense-Santiago. No tramo do corredor o custo pasou de oito euros a trece ou catorce. É unha realidade que se escapa a este concello. A xunta debe adquirir as competencias ferroviarias para Galicia, e ter un servizo de media distancia para as vilas do país. Esa sería a moción do BNG. Respecto á estación, a filosofía da alta velocidade é comunicar grandes cidades, perde sentido unha estación en terra de nadie, ¿cal sería a posibilidade de plasmación de esa estación no norte de Ribadavia? Díficil non se ve a utilidade. O trazado do AVE o deben decidir os técnicos, é unha cuestión que se percibiría mellor dende Coruña que dende Madrid. A obra poder xenerar riqueza uns meses ou dous anos, sería efímero, non se pode buscar riqueza nunha infraestrutura. Por exemplo a Gudiña, a riqueza da infraestrutura desaparecerá nun ano. A nosa aposta sería un tren de cercanías e valorizar as vías de tren existentes. O noso voto é abstención, pero non renunciamos a que Vigo e Ourense estén conectados polo AVE.

Don César Fernández (PP).- Esta non é a administración competente para decidir sobre unha infraestrutura ferroviaria. É un brindis ao sol, non está xustificado, non fala do impacto sobre o viño, o principal recurso da comarca. Habería que potenciar o enoturismo, Ribadavia como destino turístico de categoría, hai mocions nese sentido. Tería un alto impacto sobre o territorio. Sería máis interesante buscar que se executen os acordos que afectan ao turismo de competencia municipal.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- O noso voto vai ser a prol, xa manifestado en comisión. Todo o que fose xenerar riqueza, aínda que fose provisional é positivo. A autovía foi positiva. Na liña concreta non se pode influir, pero si pasa por onde se prevé



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

, habería inercias económicas positivas. O concello non é competente, tampouco para influir na aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado , e trouxeron mocións sobre eso. Hai que recoñecer que é difícil que ubiquen a estación de tren eiquí como dice o portavoz do BNG.

D Manuel Vázquez ( CxG, CC-TT).- Non é un brindis ao sol. Na provincia de Zamora hai dúas estacións, Puebla de Sanabria e Zamora, se vai a facer outra en Otero de Sanabria que é como a Franqueirán. Non se pode saber a posible repercusión en cincoenta ou sesenta anos. Os Alvia si paran. A ver si non perdemos o tren.

D César Fernández (PP).- A parada en Otero de Sanabria é unha parada técnica , para posibles averías ou evacuacións de emerxencias.

D Manuel Vázquez ( CxG. CC-TT).- Podería ser o mesmo entre dous capitales de provincia, Máis desprazamentos e posibilidade de máis trens de cercanías

Sometida a votación a proposto obtén 7 votos a prol( PSOE, CxG, Ribeiro en Común) , cinco votos en contra (PP) e abstención do BNG, fica aprobada.

#### **4.-PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POR UN CAMBIO DE MODELO NO TRATAMENTO DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.-**

O secretario da lectura ao ditame da Comisión Especial de contas e informativa de facenda, comercio , parque empresarial , promoción de emprego , obras públicas e infraestruturas de data 18 de maio de 2017 do seguinte teor literal:

#### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POR UN CAMBIO DE MODELO NO TRATAMENTO DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS**

De acordo coa estratexia 2020 , iniciada no ano 2015, a maioría dos fondos estruturais da UE e os programas das Comunidades Autónomas no contexto dos Estados español iran encamiñados cara a promoción da economía circular e dirixida a valorizar os bioresiduos efectivos e potenciais xerados polas empresas e os concellos.

Denominamos bioresiduos aos restos orgánicos que xera unha vila ou cidade, tanto nos restos de podas e segas de xardíns e camiños, como ao producido nos fogares de restos de comidas. Este tipo de residuos supón entre o 48% e o 50% do total do lixo que serramos. A xestión destes residuos é unha competencia municipal que se mantén trala recente modificación da lei en 2013 de bases de réxime local. O artigo 12 da Lei 22/2011 sobre competencias administrativas recolle que as entidades locais terán: como servizo obrigatorio , a recollida, o transporte e o tratamento de residuos domésticos



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

xerados nos fogares, comercios e servizos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas... elaborará programas de prevención e xestión dos residuos da súa competencia ... realizara actividades de xestión de residuos, directamente ou mediante calquera outra forma que establezan as súas respectivas ordenanzas... así como, o artigo 4.2 da Lei 10/2008 de residuos de Galiza que establece o que son os residuos municipais.

Os concellos cobran unha taxa que, de media, segundo o Ministerio de Agricultura, ascende a 48 € ano por fogar ( no caso de Ribadavia falamos de 57,12 €ano para vivendas unifamiliares en función ao establecido pola Ordenanza Fiscal nº7). Pero o total de custes públicos de xestión varía moito, rondando os 150 €/ año. Por outro lado un fogar medio de tres persoas producirá entre o 0,3 e 0,5 t anuais de biorresiduos. É evidente que hai un déficit de custes próximo ao 30-40% que permanece oculto aos cidadáns mais que se fai imposible recaudar vía taxas polo abusivo que sería. No caso do concello de Ribadavia esto supuso unha débeda en principio coa empresa SOGAMA que hoxe se ve traducida nun acumulo adebedativo coa deputación provincial ao transferirle a esta a xestión do lixo, que xa camiña cerca dos 400 millóns de euros.

O mercado mundial de residuos reciclables estímase en 400 billóns de euros ao ano, isto representa únicamente 25% do total de residuos xerados, pois o demais é depositado en incineradores ou recheos sanitarios.

Isto significa que existe un potencial de crecemento no negocio dos residuos, o que pode serrar empregos verdes e decentes, por riba de todo se o unimos a unha boa xestión do monte e as súas potencialidades na elaboración de pelets.As proxeccións indican que é posible recuperar unha maior cantidade de residuos que o que actualmente se logran valorizar. No caso dos residuos municipais, é posible pasar do 10% de recuperación actual a 34%.

Se conseguimos reducir un 30% as toneladas de lixo que xera Ribadavia tamén poderemos reducir un 30% os custes que supón enviar o lixo a Sogama dado que ésta ven cobrando aos concellos por tonelada de residuo..

O libro verde da xestión sobre biorresiduos do que deriva a Directiva Marco de Residuos 98/2008 , que se transcribe na Lei 22/2008 obriga ao Estado español a que en2020 un 50% dos biorresiduos sexan recirculados e se valoricen con calidade suficiente para ser aproveitados na agricultura. O caso é que no contexto do noso concello esta tarefa non sería nin dificultosa nen descabellada, posto que no conxunto das familia da nosa contorna veuse practicando dende fai anos a reciclaxe dos residuos orgánicos , ben elaborando medidas de compost ou ben- xa nos últimos anos- tendo composteiros individuais nas casas a través das campañas de Sogama. Asemade, somos un concello eminentemente vitivinícola, é dicir, agrícola, que ben poderíamos revalorizar eses residuos. Sobre este cambio de modelo hai moito escrito e incluso moitas formas diferentes ensaiadas ao longo do estado e ao longo da UE. No caso do noso país vemos como Allariz ou Pontevedra están a levar a cabo programas neste sentido que gozan de saúde e boa aceptación.Deberamos aprender das estratexias levadas a cabo por outros concellos.

Un sistema de compostaxe municipal ou comarcal no que participen 80 familias podería deixar de emitir entre 0,8 e 1 tonelada ao ano de gases de efecto invernadoiro en



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

comparación con un sistema de tratamento en planta como Sogama. Este mesmo sistema podería aforrar en máis dun 50% os custes de recollida e xestión , garantindo que se obteña un compost de calidade que se pode aplicar a xardinería ou agricultura local con plenas garantías.

Entendo que para afrontar isto é preciso valentía política e decisión , e dado que existe unha partida orzamentaria para tal fin, este grupo vai optar por presentar medidas específicas e concretas para caminar cara un novo modelo de xestión da fracción orgánica dos nosos residuos co fin de : reducir o custo económico para o concello de Ribadavia , aplicar políticas que reduzan o efecto invernadoiro, adecuarse á normativa europea e asumir un modelo máis respetuoso co medio ambiente

1 Se instalen composteiros comunitarios : no centro escolar que posúe comedor e na residencia de maiores situada no antigo convento de San Domingos.

2 Se forme ao persoal do concello no manexo dos composteiros e na xestión da fracción orgánica dos residuos sólidos urbanos

3 Se camiñe cara un modelo de xestión do lixo non dependente de Sogama.

4 Se inicie unha serie de xuntanzas cos distintos sectores ( asociacións, comerciantes, restauración e adegas) do concello co fin de informar e debater a necesidade dun novo modelo de xestión do lixo.

5 Se proponhan charlas e obradoiros dende o concello de xeito que a poboación adquira máis consciencia e coñecemento da compostaxe.

6 Se inicie unha ruta programática para a autoxestión de residuos orgánicas co fin de reducir o 5% do peso da bolsa de lixo cada ano, tendo como horizonte o 2020.

7 Se modifique a ordenanza fiscal nº7 co fin de ter en conta este novo programa e artellar mecanismos de conxelación de taxas e desgravamentos fiscais a que se incorpore a este programa.

8 Se convoque a comisión de medio ambiente do concello para planificar e redactar o novo plantexamento de política de residuos.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E. , Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes; , B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común), reservándose para o Pleno os membros do PP , cinco. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Xacobe García Soto (BNG).- Non é unha cuestión que invente o BNG. A estratexia 2020 provén da Unión Europea. Se tirou ao lixo unha cantidade de cartos brutais. Hai concellos e comarcas en Galicia que revalorizan o lixo e crean emprego. En Ribadavia se cobran 57,12 euros, o custe real é de 150 euros. Esta moción tratouse na Comisión de Facenda, non é simplemente protección medioambiental, é unha cuestión económica , de estrutura do Concello. O Plan de Residuos de Galicia reflicte que os concellos ten un problema real para sufragar o lixo, a Ribadavia lle supón un custe de 200.000 euros.Habería unha mellora medioambiental, económica e de creación de emprego.Habería que retirar o colector verde e o tratamento en planta. Tería que ser un proxecto a longo prazo, habería que formar aos traballadores e a propia sociedade. No rural é unha práctica habitual realizar composteiros. Pontevedra non é capaz de cubrir a demanda de compost que recibe.





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

D Manuel Vázquez ( CxG,CC-TT)- O noso voto a prol. Esta cuestión vai máis alá dun concello. Habería que estudar a alternativa a Sogama, é complexo. A iniciativa nos parece ben, sería mellorar, habería que atacar o problema na orix.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC)- A favor , é unha moción moi positiva, con medidas concretas que son fáciles de executar. Os concellos non podemos quedar quietos.Dende este concello se poden facer cuestións concretas.Reducir, reciclar , reutilizar. O primeiro sería instalar composteiros no comedor escolar e no asilo, na residencia. Dende o concello se podería dar exemplo, moitas vivendas particulares se poderían animar a seguir o exemplo.É unha cuestión a abordar no futuro inmediato, o obxectivo final sería retirar o contenedor verde. Hoxe os contenedores están cheos, se avanzou na concienciación social da xente. Agora hai que abordar a cuestión de reformular o sistema.

D César Fernández (PP).- Estamos a favor, calquera cuestión de mellora na xestión de residuos sólidos urbanos estamos a favor, a favor das tres erres: reducir, reciclara e reutilizar. Unha actuación de máis envergadura, dun sistema alternativo xa é máis complexo e corresponde a outras administracións.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- É unha medida positiva dende o punto de vista medioambiental e económico. Hai moitos cidadáns que ten composteiros individuais. Intentouse potenciar este modelo no seu momento.Algúns nos vimos envoltos en aquela guerra, creíamos en aquel modelo. Non sabíamos as consecuencias exactas das plantas.Hoxe estamos adscritos ao sistema de recollida da Deputación.Pero estamos de acordo nas medidas propostas na moción , o reciclaxe é o futuro-

D Xacobe García Soto ( RBC).- Entendo que pode ser complexo a priori, a ruptura co sistema actual é complexa , senón se sabe o obxectivo final que se persigue. Os kilos de basura que xeramos é unha cantidade grande. Na moción refirome ao reciclaxe orgánico , supón o 50% do gasto do concello. É un aforro importante. Tratamento in situ sen gasto de transporte, é un aforro importante. A administración local ten as competencias absolutas neste eido, pese a que esté derivado á Deputación. Con este modelo aumenta a reciclaxe en outros contenedores.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Hoxe costa máis verter que recoller, é unha boa iniciativa . Se tentará reducir a carga de orgánicos.

Sometida a votación a proposta , votos a prol PSOE (5), PP (5), BNG , RBC e CxG, fica aprobada por unanimidade.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

## **5.-PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO APARCADOIRO DA AREA DE AUTOCARAVANAS**

O secretario procede a dar lectura ao ditame da Comisión Informativa que di:

**PRIMEIRO.**-Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora do aparcadoiro da Area de Autocaravanas nos termos que figura no expediente.

**SEGUNDO.**-Someter dita ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas polo pleno da corporación . De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo pleno.

Asi mesmo estara a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello.

**TERCEIRO.**-Facultar ao alcalde para suscribir e asinar toda a documentación relacionada co asunto.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (P.S.O.E. );reserváanse para o Pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Javier Iglesias Sendín ( PSOE).- Aclarar que se fixeron dúas aclaracións, en dous párrafos no texto da ordenanza respecto da presentada na Comisión Informativa , por motivo de poder sancionar. Son cuestións técnicas e xurídicas .

D Manuel Vázquez (CxG-CCTT).- A ordenanza está ben fundamentada xurídicamente.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Parece de pura lóxica, é similar a de outros concellos que dispón de ela. A priori parece unha boa norma.Dou as grazas ao goberno por executar a área de autocaravanas que foi unha proposta de este grupo.

D Xacobe García Soto (BNG).- É unha ordenanza que se verá no seu funcionamento cómo funciona, a priori é positiva e con sentido.

D César Fernández (PP).- Pedimos a ordenanza no anterior pleno, no artigo 8.1 se dice “ algún dos puntos expostos no artigo 5” debe ser un erro.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Si ,pode ser, pode haber un erro de



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

traducción. Esta ordenanza foi un compromiso do goberno, que se leva a cabo, como outros compromisos do goberno. Hai setenta e cinco autocaravanistas confirmados e cento corenta e cinco persoas na cena do sábado, confirmados co presidente da asociación e que se poden incrementar.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **6. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NA FUNDACIÓN VILA BALNEARIA DE PREIXEGUEIRO.-**

Nomear a don Brais Fidalgo Martínez, concelleiro de Ribeiro en Común, representante do concello na Fundación Vila Balnearia do Preixegueiro.

Dase conta do nomeamento para a súa posterior ratificación polo padroado da Fundación Vila Balnearia do Preixegueiro.

Alcalde.- Hai un acordo entre os grupos de que un dos membros do Padroado sería rotatorio ,porque nos Estatutos se contemplaban só tres grupos. Entendo que non procede debatir nin votar, o nomeamento sería ratificado polo Padroado.

D Xacobe García Soto ( BNG).- Eu tomei posesión fai quince días, hai un acordo previo entre os grupos . Eu non puiden levar traballo porque non se convocou antes. Foi un erro do alcalde que é o presidente do padroado.

Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Suscribo o que dixo Xacobe, imos proponer unha modificación dos Estatutos e que sexan como os da residencia , do asilo e estén todos os grupos representados. Que tamén aumente a representación dos veciños e sexa de 50-50.

D César Fernández (PP).- Coincidimos un pouco co sinalado. Se pediron reunións no último ano e medio e non se convocaron. Na cuestión do representante se está ratificando un acordo plenario anterior, estamos a favor.

Alcalde.- Tamén tería dereito o PSOE a estar representado , ademais do alcalde. A xenerosidade foi máxima , cambiar os estatutos sería complicado e levaría tempo, xa se dixo nas tomas de posesión. O BNG estivo representado polo anterior concelleiro. Non hai ningún problema en que estén presentes outros concelleiros. Na última reunión do padroado as propostas eran de Ribeiro en Común, se quere dar a impresión de que non se deixa participar o que non é certo. Aplicando os estatutos de forma estricta non cabe delegar a representación, e na última reunión asistiu un concelleiro do PP en base a unha delegación. Se pide unha reunión urxente do Padroado e logo non se asiste. Houbo un acordo previo.No próximo mes vai a haber outra reunión.

D Xacobe García Soto (BNG).- Na última reunión do Padroado o BNG fixo propostas nas que Ribeiro en Común estivo de acordo. Dende o cese de don Anxo Collarte ata que eu tomei posesión pasou tempo, o que critico é a non convocatoria do Padroado.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

## **7. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL RIBEIRO EN COMUN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA PROHIBA O USO DE HERBICIDAS NAS VÍAS PÚBLICAS NO TERMO MUNICIPAL..**

O secretario lee o ditame da Comisión Informativa do seguinte tenor literal:

A COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS MUNICIPAIS, MEDIO RURAL E DEPORTES NA SÚA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 18 DE MAIO DE 2017 ADOPTOU O SEGUINTE DITAME:

**MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA PROHIBA O  
USO DE HERBICIDAS NAS VÍAS PÚBLICAS NO NOSO TERMINO  
MUNICIPAL.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O uso masivo de herbicidas para “limpar” as beiras das estradas do municipio do Carballiño , levado a cabo por diferentes administración públicas como a Xunta de Galicia, Fomento, a Deputación de Ourense, o ADIF, así como tamén polas empresas de mantemento de autovías e estradas, debe rematar e ser substituído polo rozado mecánico das mesmas.

Estas prácticas supoñen o vertido de toneladas de produtos tóxicos ao longo das vías públicas poñendo en risco os ecosistemas naturais, e incrementando as posibilidades de incendios constituíndo auténticas bombas para os lumes, sobre todo nos “taludes” e gabias (cunetas) das estradas, facendo que estes se propaguen con gran rapidez ao quedar a maleza seca.

A choiva arrastra os produtos químicos empregados , contaminando os acuíferos e entrando nas cadeas tróficas. **Os herbicidas sistémicos que se empregan, tales como o Roundup ( popularmente coñecido como randón ou rondón) é un glifosato moi daniño que pasa á terra e ás augas , e incluso pode ser inxerido directamente polos animais.**



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Especies que non son obxectivo da fumigación véñense expostas a estas substancias podendo chegar tamén ao consumidor. O seu uso nas proximidades de terras de cultivo, fontes, casas e xardíns agrava as consecuencias negativas para a saúde das persoas susceptibles de afectación.

A Axencia Internacional para a Investigación do cancro (IARC), dependente da OMS, fixo o anuncio con data de 1 de abril do 2015, que este produto é “probablemente canceríxeno para os humanos” introducíndoo entre os produtos e accións de risco 2A (probablemente canceríxeno).

O grupo municipal de Ribeiro en Común ten presentado esta reivindicación en varios Plenos municipais como Rogos para o goberno local, non constándonos ningunha medida levada a cabo para evitar o uso de herbicidas na labor de limpeza das beiras de vías públicas tales como beirarrúas ou gabias.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte ACORDO:

- a) Que o Concello de Ribadavia comprometése a evitar o uso de herbicidas para a “limpeza” das estradas do mesmo e a súa substitución por métodos de rozado mecánico que , ademais de ser inocuos , crean máis postos de traballo.
- b) Recoller este acordo nas Ordenanzas Municipais de Ribadavia a fin de proceder ao seu cumprimento.
- c) Trasladar o acordo do Concello de Ribadavia sobre a prohibición de herbicidas na limpeza de vías públicas á todas as entidades responsables do lanzamento dos produtos tóxicos como a Xunta de Galicia, Deputación de Ourense , ADIF, e Subdelegación do Goberno en Ourense, advertíndolles de que o Concello de Ribadavia é contrario á utilización de herbicidas como método de desbroce das beiras das vías de comunicación que transcorren por este concello.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous( BNG e Agrupación de Electores Ribeiro en común ); reservanse para o Pleno os membros de PSOE, PP e Compromiso Por Galicia concellos Transparetnes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- É unha moción moi breve e moi concreta. O ano pasado en Ventosela a Deputación limprou con glifosato , a Unión Europea estudia a súa prohibición. A Organización Mundial da Saúde o considera como probablemente canceríxeno. O concello de Ribadavia debería manifestarse en contra do seu uso e dar traslado a outras administracións.

D Manuel Vázquez ( CxG-CCTT).- Habería que prohibir o uso de todo tipo de herbicidas.

D Xacobe García Soto ( BNG).- O rondón e o glifosato son potencialmente canceríxenos para a Organización Mundial da saúde. A Unión Europea está pensando en autorizar o seu uso un ano máis.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Imos votar a favor, estamos de acordo co espírito da moción.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Estamos a prol. O concello de Ribadavia non utiliza glifosato ni ningún outro herbicida nas nosas vías. Outro cousa é o que fagan outras Administracións.

Sometida a votación a proposta obtén os seguintes votos a favor ( PSOE 5, PP 5, RBC, BNG e CxG-CCTT) ficando aprobada por unanimidade.

## **8. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA FAGA CUMPLIR A ORDENANZA ESPECIAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E SOARES E MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.**

O secretario procede á lectura do ditame da Comisión Informativa que di:

A COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS MUNICIPAIS, MEDIO RURAL NA SÚA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 18 DE MAIO DE 2017 ADOPTOU O SEGUINTE DITAME:



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA FAGA CUMPRIR A ORDENANZA ESPECIAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E SOARES E MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Ordenanza especial reguladora da limpeza de terreos e soares e medidas preventivas contra incendios forestais é a ordenanza que vixía e regula a limpeza de terreos e soares particulares como medida preventiva contra incendios forestais no noso municipio de data de outono do ano 2003.

Sen embargo a súa aplicación non sempre é levada a cabo polo goberno local, dándose situacións de propiedades que significan un perigo para vivendas e propiedades veciñas e para a cidadanía en xeral.

É público e notorio a existencia de fincas privadas que ano tras ano e principalmente na época de perigosidade de incendios forestais constitúen ameazas para a seguridade cidadá, sen que por parte do goberno local se bote man desta Ordenanza que posibilita ao Concello facer cumprir a norma a través de comunicación oficial e mesmo a través de vía sancionadora.

**-Da limpeza de terreos e soares.**

Na Ordenanza municipal, dise que queda **prohibido tirar lixo** ou residuos sólidos en soares, espazos libres de **propiedade pública ou privada** e predios rústicos. Afirmase que **os propietarios de terreos e construcións deberán mantelos en condicións** de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección ao medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación, **quedándolles expresamente prohibido manter neles lixo, residuos sólidos urbanos ou entullos e maleza.**

No artigo 7 de dita Ordenanza afirmase que O Alcalde, ou concelleiro no que delegue, dirixirá a policía urbana, rural e sanitaria, e exercerá a inspección dos predios, parcelas, obras e as instalacións do termo municipal de Ribadavia, para comproba-lo cumprimento das condicións esixibles.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

No artigo 10 recollese a potestade existente para facer cumprir a norma da seguinte maneira:

1.-O alcalde ou o seu delegado, de oficio (ou a solicitude de persoa interesada), iniciará o procedemento poñendo en coñecemento do propietario ou propietarios do terreo, urbanización, edificación ou instalación, e tralo informe dos servizos técnicos (e con audiencia os interesados), ditará resolución na que sinalará as deficiencias, ordenará as medidas precisas para corrixilas e fixará un prazo para a súa execución.

2.-Transcorrido o prazo concedido sen que os obrigados a iso executaran as medidas precisas, o alcalde ordenará a incoación do procedemento sancionador.

3.-Na resolución, ademais, requirirase ó obrigado ou o seu administrador para que proceda á execución da orde efectuada que, de que non a cumprir, a levará a cabo o Concello a cargo do obrigado, o que se lle cobrará a través do procedemento recadatorio en vía executiva.

**- Das medidas de prevención contra incendios forestais.**

Afirmase nesta Ordenanza tamén que nos núcleos urbanos e rurais queda prohibido plantar árbores, sempre que non ocupen unha superficie superior a 50 metros.

E ademais dise que os propietarios ou administradores das plantacións de árbores, existentes á entrada en vigor desta ordenanza, **deberán realizar labores de limpeza de maleza e de calquera material que facilite a propagación do lume dentro dunha liña de protección contra incendios forestais de 150 m**, contados a partir da liña de delimitación dos núcleos urbanos ou rurais.

Para o garantir o cumprimento desta norma recollese tamén na mesma **a potestade que ten o alcalde, ou o seu delegado, para ditar resolución na que sinale as deficiencias, ordene as medidas precisas para corrixilas e fixe un prazo para a súa execución.**

Ademais afirmase na norma que transcorrido o prazo concedido sen que os obrigados executasen as medidas precisas, o alcalde ordenará a incoación do procedemento sancionador. Na resolución, ademais, requirirase ao obrigado para que execute a orde efectuada que, de non cumprila, a levará a cabo o Concello a cargo do obrigado, que se lle cobrará a través do procedemento recadatorio en vía executiva.





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

En conclusión, a norma existente recolle tanto os supostos de infracción que poidan ocasionar terreos, propiedade e fincas que incumpran a seguridade cidadá e supoñan un perigo inminente. Da mesma maneira recolle a capacidade potestativa que ten o Alcalde e o goberno local para facer cumprir dita norma que protexe á veciñanza que si cumpre a norma de limpeza de terreos e fincas, afirmando que o órgano competente para a resolución do procedemento sancionador é o Alcalde, conforme co que dispón o artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, do 2 abril, reguladora das bases de réxime local.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte ACORDO:

- Que o Concello de Ribadavia cumpra, e a través do seu Alcalde ou Concellería delegada faga cumprir e leve a cabo a **ORDENANZA ESPECIAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E SOARES E MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.**

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous( BNG, que manifesta que fará unha engadega, e Agrupación de Electores Ribeiro en común );reservanse para o Pleno os membros de PSOE, PP e Compromiso Por Galicia concellos Transparetnes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada **favorablemente.**

D Xacobe García Soto , voceiro do BNG plantexa unha enmenda consistente en modificar o artigo 10 punto catro da ordenanza decindo que no caso de incumprimento polos propietarios dos soares das súas obrigas de conservación se poida chegar a embargar o usufructo dos terreos para adicalos a aparcamento ou a outros fins de interese e utilidade pública.

Alcalde.- A emenda que se plantexa conleva modificar a ordenanza , co cal non se pode plantexar como emenda, se ten que presentar unha moción para modificar a ordenanza.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Esta moción ven motivada pola época do ano e porque o goberno non executa completamente a ordenanza. A ordenanza ten mecanismos para facerse cumprir. Hai vivendas abandonadas, solares céntricos en mal estado. Hai moitas queixas dos veciños.Hai arboleda nun solar no casco histórico e cerca dos colexios, non consta que se iniciara expediente. Basta dar unha volta por rúas céntricas e se ve. O persoal municipal fai un bo traballo cos desbroces. O goberno



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

debería aumentar o persoal para estas labores. Pido o apoio dos demais grupos para que a norma se cumpra.

D Manuel Vázquez López ( CxG-CCTT).- Abstención, é unha ordenanza que se ten que cumprir, como as demais, nas posibilidades de medios do concello. O solar a carón do IES Ribeiro o limpou a brigada o ano pasado.

D Xacobe García Soto ( BNG).- O BNG está de acordo en que se cumpra a ordenanza, á ordenanza lle faltan flecos para que se cumpra. Dar cumprimento a esta ordenanza é complicado, é difícil dar cos propietarios. Hai que buscar mecanismos para recuperar a inversión que o concello fai ao limpiar de forma directa .Con medidas como a que proponho para modificar a ordenanza de que o concello se faga co usufructo das fincas incumpridoras se poden incrementar as prazas de aparcamento. Vou votar a favor de que se cumpla a ordenanza , entendendo a complexidade.

D César Manuel Fernández Gil.- Estou a favor, pediría que se acondicionarán determinados soares.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- O que plantexa o BNG é unha boa iniciativa , se pode retomar e reformar a ordenanza. Que o réxime sancionador sexa máis gravoso, aumentar os recursos humanos para esta época, aumentar a brigada de obras. A cuestión depende da estabilidade orzamentaria. O solar do que se fala se lle impuso unha sanción de 4000 euros. Non obviamos a necesidade, estamos de acordo en dotar de servizos humanos estes servizos.Habería que instar á Consellería de Medio Rural a que grave o abandono non só dos núcleos rurais , senón tamén dos núcleos produtivos, traer unha moción ao pleno nesa liña. Fíxose unha gran actuación en Santo André, Camporredondo e agora está abandonado. O noso voto vai a ser abstención por dicir que se faga cumprindo cando xa se está cumprindo

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Concordo co que dice o portavoz do goberno, é un problema de todo o país é estrutural. Hai un pequeno matiz, o problema para todos os concellos é a Lei de Estabilidade Orzamentaria é anticonstitucional, feita contra os concellos, neste concello se externalizaron moitos servizos , incluso limpar rúas no casco histórico. Se podería facer o mesmo cos desbroces. O concello pode recadar despois de limpiar a finca. Si se fixo no solar dun banco é a proba de que se pode facer.

Sometida a votación a proposta obtén oito votos a favor ( PP 5, RBC, BNG e CxG) e 5 abstencións ( PSOE) ,fica aprobada por maioría absoluta.

## **9. MOCIÓN DE URXENCIA RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL FRONTE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

Alcalde.- Hai unha moción de urxencia do grupo de goberno. Con data 8 de abril de 2016, o Concello fixo **RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDAD**



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**PATRIMONIAL fronte a DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**, derivada da Construcción do campo de fútbol de herba sintética no lugar denominado "O Xestal", debido os danos evaluables economicamente como consecuencia da suspensión do uso do campo de fútbol nunha franxa de 25 metros suxeita a servidumbre legal, por parte da Subdelegación do Goberno de Ourense, en base aos informes do Ministerio de Fomento.

A data de hoxe dita reclamación non se atopa resolta a pesar de existir un informe do Secretario Xeral da Deputación Provincial no que se recoñece a existencia de dita responsabilidade patrimonial por parte do organismo provincial, en concreto cuantificase nunha cantidade de 338.479,57 euros máis intereses legais.

Tendo constancia da existencia dun plan de infraestructuras deportivas para o ano 2017 na Deputación Provincial, plan cofinanciado pola Deputación Provincial e a Xunta de Galicia, por importe de 1.000.000 de euros (cada organismo aportará 500.000 euros).

Dado o número de equipos e nenos/as que necesitan utilizar dita instalación faise necesario unha solución xa, amén de que é o único campo de herba sintética que existe na comarca do Ribeiro, entendemos que debe contemplarse como obra prioritaria por parte de dito organismo a adecuación do campo de fútbol de herba sintética a normativa vixente.

Por todo iso, o Pleno

### **ACORDA**

**PRIMEIRO.-** Instar a Deputación provincial a que en base os informes obrantes no expediente proceda a resolver a solicitude do Concello de Ribadavia, relativa a responsabilidade patrimonial por funcionamento anormal da Deputación Provincial na Construcción do campo de fútbol de herba sintética denominado "Sumi Cortes", sito no lugar denominado "O Xestal", de xeito que se recoñece a responsabilidade patrimonial polo importe de 338.479,57 máis os intereses legais.

**SEGUNDO.-** Instar a Deputación Provincial a que inclua dentro do Plan anual de deportes desa Deputación o Concello como beneficiario dunha actuación para a adecuación da referida instalación por importe da cantidade obxecto da reclamación patrimonial, 338.479,57 máis os intereses legais.

**TERCEIRA.-** Dar traslado deste acordos a Deputación Provincial de Ourense.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Dende o día das Comisións nos enteramos que na Deputación vai a haber un plan de infraestructuras de un millón de euros. A responsabilidade patrimonial está recoñecida por un informe do Secretario da



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Deputación. Se está invertindo en infraestruturas deportivas na comarca, é garantía de futuro investir na cabeceira de comarca.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Hai un acordo implícito de votar todas as urxencias a favor. Descoñecemos os prazos de que se fala , e descoñecemos o Plan da Deputación. O recibimos as dúas da tarde , é unha cuestión de calado para a lexislatura. Necesitaríamos indagar máis sobre o Plan da Deputación., xa que o descoñecemos nos imos a abster.

Sometida a votación a urxencia é aprobada co voto a favor de PSOE (5), PP (5), BNG e CxG e abstención de RBC.

D Javier Iglesias Sendín .- Nos non somos coñecedores dos prazos da Deputación. Este plan da Deputación se coñeceu nestes días, no día da Comisión non o coñecíamos . No informe de responsabilidade patrimonial se falaba de que o concello debía pagar 30.000 euros. Están consignados no capítulo VI do noso orzamento para que non haxa excusa. Isto xa leva demora suficiente, é unha necesidade. A administración provincial, autonómica e a Confederación Hidrográfica ten que ser conscientes de que hai que resolver o problema. O diñeiro é público, hai que rentabilizar as inversións, o lóxico é na capital da comarca. Ribadavia ten consignación para asumir a súa participación. Solucionaria un problema que leva anos.

D Manuel Vázquez López ( CxG) .- O espírito da moción está claramente exposto. É unha cuestión de xustiza e de razón. Hai que priorizar e racionalizar os cartos de todos.

D Brais Fidalgo ( RBC).- O noso grupo suscribe palabra por palabra , o dito polo portavoz do goberno. Hai que falar de porque se orixinou esta situación e porque estamos nela. Explico porque se chegou eiquí. Me remito ao informe do Secretario da Deputación Provincial, é a columna vertebral da reclamación de responsabilidade patrimonial. A obra inicial é de 2003-2004 , campo de terra , responsabilidade da Confederación Hidrográfica Miño Sil, no ano 2011 e 2012 faise un campo de herba artificial , a responsabilidade da Deputación e do Concello. Realizouse a obra sen autorización do Ministerio de Fomento, a autorización a debeu pedir o concello porque foi quen fixo o proxecto e o promotor que foi a Deputación . A responsabilidade patrimonial en función da financiación das tres administracións, a responsabilidade da Deputación e do 90% , 374.015 euros, ao concello lle é imputable un 9%. O dice o secretario da Deputación, se lle pide responsabilidade á Deputación e a Confederación Hidrográfica Miño Sil. O economicamente razonable non é un campo de herba en Cortegada, outro en Arnoia, outro privado na Fundación San Rosendo; en Arnoia de fútbol 7.

Eiquí parece que a culpa é da Deputación, pero só nun 90%. A xunta de goberno local aproba ese proxecto , as técnicas que fan o proxecto son as arquitectas do concello , Mercedes Alvarez e Begoña Arregui, o dice o informe. Entre os que o aproban está o actual alcalde. Eiquí fai falla unha estratexia de negociación e non de confrontación. Houbo un escrito de peche da Subdelegación do goberno. Hai responsabilidade patrimonial do concello tamén, hai que chegar a un acordo. Debería figurar na moción



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

que se insta á Confederación Hidrográfica Miño Sil a chegar a un acordo. Pese ao dito o noso grupo vai a votar a favor.

D Xacobe García Soto ( BNG).- Non tiven tempo de analizar polo miúdo a cuestión porque a moción nos chegou tarde. Conexo o informe do secretario da Deputación que indica que hai responsabilidade do concello, da Deputación e da Confederación Hidrográfica. É un traballo do goberno interactuar con outras administracións, de que acheguen ese orzamento. Non entendo a moción, teño dúbidas de si ese millón de euros vaise gastar tal e como dice o concelleiro. Ourense é unha provincia esquecida pola Xunta e polo Estado. Faise alusión a Confederación Hidrográfica Miño Sil, xa se lle reclamou. Non entendo que coa Deputación non se siga esta mesma liña. Non hai seguridade de que a Confederación Hidrográfica vaia a invertir.

D César Fernández Gil (PP).- Imos a apoiar a moción, houbo varias mocións xa sobre o campo de herba artificial. Nos estamos a favor de resolver este problema. Sobre a urxencia , agora se nos di que vai mañá ao pleno da Deputación. Si hai un plan da Secretaría Xeral para o Deporte en colaboración coa Deputación, anunciado o día 10 de marzo de 2017, o día 11 de marzo houbo unha reunión do alcalde coa secretaria xeral, non entendo a urxencia.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Agradecer o apoio de todos os grupos.Xa interactuamos coas outras administracións, o informe é da Deputación. Este ven da construción da área da Veronza. A Confederación Hidrográfica propón conservar as infraestruturas. Ese campo empezouse a utilizar , houbo un plan da Deputación para dez concellos; pedimos autorización a Confederación Hidrográfica Miño Sil, só foi adecentar o campo xa existente. Só se requería autorización da Confederación Hidrográfica foi a que plantexou a infraestrutura baixo o viaducto. Non houbo cambio de uso, nin alteración volumétrica. A Confederación Hidrográfica Miño Sil tiña que ter autorización de Fomento,o problema é entre a Confederación e Fomento. Xa se falou moito de este tema, non basta falar se requiren actuacións; hai que solucionar o problema. Hai dúas vías técnicamente posibles, o único problema é o diñeiro. Hai unha actitude máis positiva na Confederación que na Deputación. O que se busca é restaurar o servizo. Son administracións con capacidade económica para resolver o problema, inasumible para o concello. É unha infraestrutura de futuro e de recorrido.

D Manuel Vázquez López ( CxG).- Que os que poden influir na vontade política que inflúan.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Volvo a concordar co portavoz. Houbo reclamación de responsabilidade patrimonial do concello a Deputación. Na moción se podía instar á Confederación Hidrográfica. Discrepo na premura e nos tempos. Neste informe se dice que estamos obrigados a pedir responsabilidade patrimonial, en xuño de 2016 caducaba a responsabilidade patrimonial da Deputación e da Confederación Hidrográfica. O informe di que o concello ten responsabilidade patrimonial e o concello



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

é o culpable de facer a obra así. A estratexia debe ser de diálogo e non de confrontación. O campo de fútbol inicial era máis simple e se ampliou e se instalaron máis equipamentos , o dice a Confederación, que non está de acordo coa ubicación alternativa que plantexan as arquitectas. Hai que consensuar o lugar alternativo con toda a sociedade e todos os grupos políticos. Nos non sabemos onde se va a colocar o arranxo. Unha alternativa sería a colocación de barreiras no viaducto; En Marea presentou unha moción aos Orzamentos do Estado nese sentido.

Alcalde.- Iso xa o pediu o concelleiro Celso Sotelo fai vinte anos. Menos mal que a postura é unánime , o debate é arranxar a cuestión non de quen foi o erro. ¿ Cómo non se va a dialogar sobre o tema? Houbo reunións específicas coa Confederación, que ,por sistema, sempre rexeita as reclamacións de responsabilidade patrimonial. Claro que hai diálogo o 11 de marzo lle ofrecí unha alternativa á Secretaría Xeral para o Deporte. Se houbera un acordo entre as catro administracións , non sería un preciso un expediente de responsabilidade patrimonial. ¿ Cal sería o problema? Houbo diálogo ata o día de hoxe. No pleno da Deputación no que se tratou a modificación orzamentaria de 500.000 euros para o Plan conxunto coa secretaría xeral para o Deporte , este deputado pediu no pleno que se indicaran as actuacións , coa calada por resposta. Despois do dialogo , que se nos entregue a resposta a reclamación de responsabilidade patrimonial. A modificación orzamentaria pode ser obxecto de alegacións, se pode facer unha alegación con base neste acordo plenario. Non sabemos cal é o Plan da Deputación, nadie o dice. Igual os cartos non son suficientes, se pode cambiar a ubicación concreta. Tería que haber vontade de poñer os cartos, 50% a Deputación e 50% a Xunta.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Iso non é diálogo , é política partidista.

Alcalde.- Co refrendo de todo o pleno temos máis forza para reclamar. Reclamamos que veña para o noso concello, saben perfectamente que teño razón.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- É iso que é pesimista respecto á resolución do problema.

Sometida a votación a proposta é aprobada cos votos a favor de PSOE (5), PP (5), BNG, RBC e CxG –CCTT, fica aprobada por unanimidade.

## **10.ROGOS E PREGUNTAS**

As dez horas e trinta minutos o concelleiro do PP don Celso Sotelo Barroso comunica que ten que retirarse e abandona a sesión.

D Manuel Vázquez López ( CxG)- Insisto nos rogos xa formulados de retirada de paneis, arranxo de fontes e comunicar o caso dunha casa con grave deterioro das tellas.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Que se teñan en conta os rogos anteriores , sobre todo os de execución máis sinxela. Hai un expediente urbanístico incoado a denuncia de RBC por escombros das beirarrúas de Muñoz Calero, pido que se repoña a legalidade.

Alcalde.- Os escombros xa están retirados

D Xacobe García Soto ( BNG).- O día 17 de maio , o Día das Letras Galegas, fóra da biblioteca e da Casa da Cultura non se fixo nada, pido que, de cara aos próximos anos se teña máis en conta e se fagan máis cousas.

Alcalde.- As actividades da biblioteca foron organizadas polo concello. Esas actividades tiveron máis participantes que en anos anteriores.

D César Fernández Gil (PP).- Estamos analizando o orzamento da feira do viño , no apartado C 5) se fala do programa de empregabilidade, pedimos unha aclaración.

Alcalde.- É da Deputación, o único aprobado, como hai que facer previsión das actividades que se van a facer. Unha parte se pode adicar a un autónomo , lle contestarei por escrito.

Dª María López Touza.- 6000 euros para un autónomo, se podería meter show cooking , senón a cartelería ou outras funcións.

Alcalde.- No plan de empregabilidade vai un socorrista.

E sendo ás dez horas e trinta e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde-presidente levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO

D José Ignacio Gómez Pérez

Francisco Fernández Castro